








Orgs:  
Ana Rita Carrilho  
Francisco Fidalgo Enríquez  
Ignácio Vázquez Diéguez  
Paulo Osório  
Tamara Flores Pérez

# Ao Encontro das Línguas Ibericas



LusoSofia Press 2018







ORGANIZADORES





Ana Rita Carrilho, Francisco Fidalgo Enríquez,  
Ignácio Vázquez Diéguez, Paulo Osório  
& Tamara Flores Pérez



# Ao Encontro das Línguas Ibéricas

LUSOSOFIA.NET

Universidade da Beira Interior  
Covilhã, 2018







LUSO**Sofia**:PRESS

Covilhã, 2018

FICHA TÉCNICA

Título: *Ao Encontro das Línguas Ibéricas*

Organizadores: Ana Rita Carrilho,  
Francisco Fidalgo Enríquez,  
Ignácio Vázquez Diéguez,  
Paulo Osório  
Tamara Flores Pérez

Colecção: Livros LUSOSOFIA

Design da Capa: Madalena Sena

Paginação: Filomena Santos



Universidade da Beira Interior





Tipografia da Universidade da Beira Interior



Depósito Legal: 443524/18

ISBN (PDF): 978-989-654-474-4

ISBN (Encadernado): 978-989-654-473-7







# Índice

## Nota Introdutória

1

## La lengua sefardí: crónica de una desaparición anunciada

Coloma Lleal Galceran

3

## La adquisición de la gramática en lenguas afines

Marta Baralo

27

## Galego e portugués. Afinidade e diverxencia

Rosario Álvarez

51

## Promoção de estratégias de aprendizagem de vocabulário: uma proposta para a sala de aula de cursos intensivos de PLE

Ana Rita Carrilho

81

## O desenvolvimento da competência de comunicação intercultural na aula de ELE

André João Pinheiro Costa

91

## La agentividad en las construcciones absolutas del español y el catalán (s. XV-XVII): un análisis composicional

Avel·lina Suñer Gratacós

105

## A palavra *tipo* e sua função anguladora no Português do Brasil

Elaine Pereira da Silva

129

## De enseñar *lengua* a enseñar *la lengua*: la implantación del grado de Lengua y Literatura Catalanas en la Universidad Masaryk de Brno



Elga Cremades Cortiella



155

## Usos e funções do infinitivo no teatro de Gil Vicente



Giovanna Ike Coan



167





<b>Dificuldades dos alunos polacos na aprendizagem de construções perifrásicas portuguesas com os auxiliares <i>ir</i> e <i>vir</i></b>	
Joanna Drzazgowska	<b>185</b>
<b>Enseñar y traducir en Español, lengua global compartida, dentro del espacio educativo ibérico</b>	
María Jesús García Méndez	<b>211</b>
<b>O ecossistema e o significado social da variação das formas verbais: a 2a. pessoa do plural nas farsas de Gil Vicente</b>	
Marilza de Oliveira	<b>233</b>
<b>A Linguística de <i>Corpus</i> como método de aprendizagem de Português</b>	
Pedro Miguel Lavajo Natário Guilherme	<b>251</b>
<b>Traductología y contacto de lenguas en el espacio ibérico. Análisis de las autotraducciones al castellano de cuatro escritores gallegos: Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor, Manuel Rivas y Luz Pichel</b>	
Rexina Rodríguez Vega	<b>269</b>
<b>Sintaxis pronominal de la <i>Fala do val de Xálima</i>: análisis y diferencias entre las tres variedades</b>	
Tamara Flores Pérez	<b>295</b>
<b>Estratégias de evitação</b>	
Teresa Alegre & Katrin Herget	<b>317</b>
<b>As falas do Ellas: ausencia na escola e hibridación forzada</b>	
Xosé-Henrique Costas González	<b>333</b>





# Galego e portugués. Afinidade e diverxencia

Rosario Álvarez

*Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela*



**RESUMEN:** Galego e portugués modernos son linguas románicas que manteñen un alto grao de afinidade lingüística, ao punto de non faltar quen postule que se trata de dúas variedades diferentes da mesma unidade, unha apreciación esta que contrasta coa percepción de ambas as comunidades de falantes, que senten a facilidade de intercomprensión mais non se identifican como usuarios da mesma lingua. Nesta contribución analízanse as bases desta afinidade e desta diverxencia na fachada atlántica da península ibérica, desde un punto de vista histórico e xeoelectal. Tómase como base para a exposición os trazos seleccionados por Cintra (1971) para elaborar o mapa dos dialectos do portugués europeo, aos que se incorpora a información pertinente sobre as variantes galegas correspondentes. Móstrase a continuidade nun eixe atlántico dentro do bloque galego-portugués (hispánico occidental) —co seu gradiente N > S e a súa inversión cando se produce a regresión— e mais como, co paso dos séculos, se foi configurando a fronteira lingüística actual entre galego e portugués, consecutiva, que rompe a unidade primitiva do territorio constitutivo.



**PALABRAS CLAVE:** territorio consecutivo; territorio constitutivo; fronteira lingüística; *continuum* lingüístico; portugués; galego.

## 1. Noticia do galego

O galego é a lingua propia de Galicia, comunidade autónoma do Estado español, situada ao norte de Portugal, do outro lado dunha fronteira que vai desde a desembocadura do río Miño/Minho —entre A Guarda e Caminha— ata as serras orientais —entre A Mezquita e Vinhais—. Tamén se fala galego na franxa limítrofe das comunidades que limitan con Galicia polo leste, no occidente de Asturias e no das provincias de León e Zamora, pertencentes estas á comunidade autónoma de Castilla y León; polo tanto, os territorios lingüísti-

*Ao Encontro das Línguas Ibéricas*, pp. 51-80.







cos, galego (ao norte) e portugués (ao sur), están separados por unha liña que vai do Atlántico ata entrar na provincia de Zamora, ocupando case toda a fronteira norte de Portugal, primeiro pola raia húmida do río Miño e despois pola chamada raia seca. Non hai unanimidade sobre a cal dos dous diastemas pertence a *fala*, variedade galego-portuguesa usada no val de Xálima, NW de Cáceres (comunidade autónoma de Extremadura), fronteirizo coa Beira Interior.



A pesar dos procesos de minorización sufridos durante varios séculos, o galego segue a ser a lingua maioritaria no seu territorio. Posto que o español avanza con maior facilidade nos hábitats e ambientes más urbanizados –sobre todo no eixe atlántico–, pódese afirmar que a maior parte dos espazos raianos son de forte implantación, moi maioritaria, da lingua galega. Desde a restauración democrática, o galego é lingua oficial en Galicia (Estatuto de Autonomía, 1981); tamén é oficial a lingua española, como lingua oficial de toda España (Constitución Española, 1978); non ten o mesmo status legal a lingua galega falada fóra dos límites administrativos de Galicia.

Desde un punto de vista xeoelectal é importante salientar que o bloque lingüístico formado por galego e portugués ocupa, de forma compacta e sen solución, toda a fachada atlántica da península ibérica.

## 2. A base da afinidade: unha orixe, dúas linguas

Galicia é continuadora, no norte, da antiga *Gallaecia*, que tamén comprendía o territorio meridional situado ao N do río Douro, onde naceu Portugal. Tanto *Gallaecia* coma os nomes das principais cidades deste territorio –*Lucus* e *Bracara*– son topónimos preexistentes. Os romanos adoptan o nome do territorio dos *gallaeci* ou *callaeci* para denominar a provincia situada no NW da península ibérica e mantéñeno nas diversas reestruturacións administrativas; marcan sucesivamente distintos límites polo leste, pero manteñen de forma estable o meridional, no Douro, que separa galaicos de lusitanos. O cualificativo “galaico” aplicábase por igual a todos os habitantes dese territorio, cohesionados por características difíciles de determinar, sen que se poida afirmar que comparten a mesma lingua nin concretar cales outros trazos sociais os distinguían tan claramente dos veciños. Non só Galicia: o territorio comprendido entre o Miño e o Douro tamén é continuador da vella Gallaecia, a pesar de non









conservar *Galicia/Galiza* como nome da terra nin o xentilicio *galego/a* para os seus moradores<sup>1</sup> nin *galego* como denominación da súa lingua.

O límite meridional do territorio constitutivo, situado inicialmente no río Douro, é fundamental, e ánda hoxe se percibe ben nos mapas lingüísticos. Tamén o serán, andado o tempo, os sucesivos límites do avance cara ao sur, no territorio conseguido, como xa foi posto de manifesto en sólidas investigacións previas integradas no aparato explicativo da configuración xeoelectal do territorio portugués (Catalán, 1958; Cintra, 1971), determinada polo *continuum* creado na banda occidental peninsular en dirección norte-sur conforme a lingua dos “galegos” foi acompañando o repoboamento dos novos territorios anexionados. Tamén se revela importante a raia actual entre Galicia e Portugal, sobre todo porque é a fronteira –máis ou menos permeable– persistente desde a independencia de Portugal (1139, recoñecida en 1143), mais sen desconsiderar a importancia que para a variación diatópica puideran ter feitos históricos anteriores (Baliñas, 2014): o centro orixinario e neurálgico do espazo político creado polos suevos é bracarense, entre o Miño e o Douro, logo estendido ata o Cantábrico; das doce dioceses do reino suevo, as situadas ao norte do río Limia dependían do bispo de Lugo –coma recoñecendo a existencia dunha especificidade nesa subprovincia eclesiástica–, mentres que as meridionais estaban sometidas directamente a Braga; como consecuencia da invasión islámica, o territorio bracarense pasa a ser, durante un século e medio, un espazo de batalla entre cristiáns e musulmáns (presenza árabe e berberisca, combinada con desaparición de elites civís, abandono das cidades, crise poboacional...), mentres que ao norte do Miño a presenza musulmá é praticamente nula ou, en todo caso, episódica, o que facilita que este espazo prosperase e se convertese en foco de atracción para comunidades hispano-godas que fuxían da dominación islámica (ánda visibles na toponimia: *Toldaos*, de Toledo; *Cumbraos*, de Coimbra...). O feito é que, non sería por acaso, aí se colocou o límite entre os dous condados, o do norte, Galicia, para Urraca, a primoxéntita chamada a ser raíña, e o do sur, Portugal, para Tereixa, nai do futuro rei Afonso Henriques.

Cómpre ter presente, con todo, que na Alta Idade Media, mesmo cando xa fora anexionado o territorio meridional ata o Mondego, as terras situadas

<sup>1</sup>O que non evita que nas rexións centromeridionais de Portugal (Houaiss, sv GALEGO) e na tradición teatral portuguesa se alcume como *galegas*, de maneira depreciativa, as persoas oriúndas do norte de Portugal, incluídas as Beiras (cfr. Álvarez, 2009).







ao norte e ao sur do Miño formaban parte dun todo, polo que na empresa repoboadora participaron familias nobiliarias, autoridades civís e eclesiásticas e xentes do común de diversas procedencias xeográficas dentro do reino. Segundo a Carlos Baliñas (1992, 2014):



...non hai proba ningunha na documentación galaica dende Mondoñedo a Coimbra (...) que desminta o feito de que no período comprendido entre os anos 850 e 920 as terras comprendidas entre os cursos do baixo Miño e do Mondego eran consideradas universalmente como parte indisoluble dese conxunto rexional chamado Galicia (...), sen establecer diferenzas a unha e outra banda do Miño. Non podía ser doutro xeito, tendo en conta a historia previa e o feito de que os grandes propietarios laicos e eclesiásticos tiñan posesións e intereses comúns en todo o territorio e que mesmo houbo unha importante migración da Galicia nuclear ás novas terras ocupadas (2014, pp. 40-41).

Nese pequeno territorio noroccidental, a partir do latín galaico, naceu o primitivo romance galego do que parten dúas linguas románicas, próximas mais diferenciadas, o galego e o portugués. Así o expresa, desde a óptica portuguesa, coa súa autoridade indiscutible, o profesor Ivo Castro (2006, p. 8):

A língua portuguesa não nasceu ao mesmo tempo em todo o vasto espaço que hoje ocupa, mas num pequeno território do canto noroeste da Península Ibérica, de onde se expandiu na dirección do sul. Foi o seu berço a Galécia Magna (que inclui a Galiza actual, parte do norte de Portugal e o occidente das Astúrias). Não nasceu, como pensavam Alexandre Herculano e Leite de Vasconcelos, no centro de Portugal; não nasceu na Lusitânia, mas mais a norte, num território que vai continuadamente desde a Corunha, no extremo setentrional da Galiza, até à ria de Aveiro e ao vale do Vouga, que nela desagua.

A esa diferenciación a partir dun tronco común ben identificado fronte á lingua dos seus veciños se refire Duarte Nunes de Leão, nesa pasaxe tantas veces citada: “& das [lingoas] de Galliza & Portugal, as quaes ambas eraõ antigamente quasi húa mesma, nas palauras, & nos diptongos, & pronunciaçāo que as outras partes de Hespanha naõ tem” (1606, p. 35). Unha orixe e dúas









linguas: entre a afinidade marcada pola xénese compartida e a diverxencia determinada polas respectivas historias autónomas.

A base fundamental desta grande afinidade entre o galego e o portugués está na circunstancia excepcional dese territorio constitutivo compartido por ambas as linguas dentro do *continuum* románico W-E comprobable no norte da península ibérica, ao norte do Douro; secundariamente, no feito de que a expansión cara ás terras meridionais produciu un *continuum* galego-portugués N-S –con variación interna gradual e novas fronteiras interiores xeradas paseño ao longo da historia– que daría lugar a dous sistemas diferentes, un que gravita arredor de Compostela, situada no centro do eixe atlántico galego, e outro que gravita no eixe centromeridional portugués, nas sucesivas cortes e centros de decisión da monarquía portuguesa (Coimbra, Santarém, Évora, Lisboa<sup>2</sup>...).

O feito é que a maior parte dos trazos aducidos como caracterizadores do portugués fronte ás outras linguas románicas –e nomeadamente as veciñas– son compartidos co galego: a non ditongación das vogais breves tónicas latinas (*porta, dente*), a queda de -N- e -L- intervocálicos (*lúa/lua, ceo/céu*), a simplificación de -LL- (*ela, aquela, cabalo/cavalo*), o resultado inicial da palatalización de PL-, CL- (*chover, chave*), os ditongos decrecentes (*colleu*), os pronomes persoais e posesivos (*eu, meu, noso...*), o artigo (*o, a, os, as*), os clíticos e a súa posición (*fágoo/faço-o, non o fago/não o faço, que o faga/que o faça*), o infinitivo flexional (*para cantarmos*)... Entre estes trazos que determinan o alto grao de afinidade e o alto nivel de intercomprensión, porque caracterizan ainda hoxe por igual as dúas linguas modernas, uns son pervivencia dos existentes desde o período constitutivo na Gallaecia e outros son resultado de tendencias e procesos que arrincan desde épocas moi recuadas e seguen activos, en paralelo, en estadios que pertencen xa ás respectivas historias autónomas (para unha periodización e exemplos, vid. Monteagudo 2017); xunto a eles, cómpre indicar que Galicia e o norte de Portugal, con diversos graos de difusión, comparten trazos antigos, que van marcando ese *continuum* N-S a que nos referiamos máis arriba.

<sup>2</sup>Nestas circunstancias históricas reside, en última instancia, a razón da coñecida diferenza na configuración territorial básica das variedades diatópicas das dúas linguas: en Galicia no sentido dos meridianos, en Portugal no sentido dos paralelos.





### 3. Ollada ao mapa xeoelectal



O mapa dialectal do portugués europeo comunmente aceptado é o deseñado por Cintra (1971)<sup>3</sup>, que se basea na combinatoria dun número reducido de trazos fonéticos seleccionados coidadosamente entre os moitos de que se podería servir o dialectólogo para caracterizar as variedades portuguesas. En palabras súas, decidiu partir “apenas dos traços que são verdadeiramente relevantes no consenso de um número suficientemente elevado e representativo de pessoas «mesmo alheias a estudos filolóxicos»”, ou sexa, seleccionados colocando a percepción dos falantes e o saber comunitario en primeiro lugar.


Ademais da isoglosa da non ditongación de Ě e Õ breves, que marca o límite oriental do bloque galego-portugués, Cintra considerou as seis seguintes (Mapa nº 1):

- a fronteira meridional do enxordecemento da fricativa palatal (ou postalveolar) /ʒ/ en /ʃ/ (ja, jogo, gente > xa, xogo, xente).
- a fronteira meridional de /ʂ/ (apicoalveolar) fronte a /s/ (laminoalveolar);
- a fronteira da oposición entre a africada (/tʃ/ *chamar*) e a fricativa (/ʃ/ *abaixo*) palatais, fronte á neutralización a favor da segunda (/ʃ/ *chamar*; *abaixo*);
- a fronteira entre a indistinción entre /v/ e /b/ (/b/: *vaca*, *boi*) e a oposición entre estes dous fonemas (/v:/; /b/: *vaca*, *boi*);
- a fronteira de *ou* conservado como ditongo [ow] (ou [aw]) fronte á redución en [o];
- a fronteira de *ei* conservado como ditongo, con diversas realizacións, fronte á monotongación en [e];



Segundo ao mestre, estes son os trazos que nós imos considerar tamén na nosa exposición.

<sup>3</sup> Recollido en Cintra 1983 e reformulado en Cunha / Cintra 1985. Mostra de que segue a ser a descripción comunmente aceptada é a súa asunción polos expertos na moderna e monumental *Gramática do Portugués* (Raposo *et al.*, 2013, pp. 88 ss.), que en tantos aspectos é unha guía magnífica para o estado da arte.





Mapa nº 1. Trazos diferenciadores considerados por Cintra (1971, p. 117)





### 3.1. /ʃ/ e /ʒ/

A isoglosa que marca o límite meridional do enxordecimento de /ʒ/ e outras sibilantes sonoras sinala para Cintra o límite entre os dialectos galegos e os dialectos portugueses:

o estabelecimento da fronteira entre o galego e o português setentrional não parece oferecer dificuldades de maior, dada a coincidência quase perfeita das isófonas correspondentes aos vários fenómenos reunidos no traço 6º (que são sem dúvida os mais claramente diferenciadores e individualizadores desses grupos de dialectos) (Cintra, 1983, p.145).

Faina coincidir estritamente coa fronteira política, tanto no Miño coma na raia seca (Cintra, 1983, p. 149), mais cómpre ter presente que tanto na Limia Baixa –nos confíns do Castro Leboreiro/Laboreiro e do Xurés/Gerês– e mais en Hermisende (Zamora), mantense un sistema moi próximo do medieval tras a desafricación, con oposición de fonemas fricativos xordos e sonoros, tanto nas palatais /ʃ/ (*baixo, xuntar*) e /ʒ/ (*igreja, fugir, ajudar*) (ALGa III, mapa 381), coma nas sibilantes apicoalveolares /ʂ/ (*salgar, passo*) e /ʐ/ (*casar, coser*) e nas laminodentais /sl/ (*empeçar, paço*) e /zl/ (*cozer*). Fóra destas pequenas áreas fronteirizas, continuadoras dos falares fronteirizos que presentan o sistema arcaico descrito por Leite de Vasconcelos (1987, p. 97) (§ 3.2), en galego é total a perda do trazo de sonoridade nestas parellas de fonemas, que neutralizaron a favor do membro xordo.

Dentro da ampla heterografía medieval para representar /ʒ/, que contrasta coa constancia de <x> para /ʃ/, Maia (1986, pp. 471-472) observa indicios de enxordecimento en textos galegos de diversas procedencias xeográficas, no seu corpus no séc. XV e noutros desde o séc. XIII (*Tereixa, axude, Toxal...*); coloca esta información en relación coas frecuentes mostras gráficas de enxordecimento do fonema laminoalveolar sonoro (neutralización de /s/ e /z/ > /ʃ/) desde época temperá, séc. XIII, e da mesma tendencia na parella de apicoalveolares, ben visible tamén en Galicia a pesar de que a vacilación gráfica dominante non resulta tan clara coma nos outros casos (Maia, 1986, pp. 458-459, 464-468).




Tab. 1. Sibilantes xordas e sonoras<sup>4</sup>

	FRICATIVAS						PALATAIS	
	APICOALVEOLARES		LAMINODENTAIS		INTERDENTAIS			
	X	S	X	S	X	S	X	S
GALEGO	s				θ		ʃ	
PORTUGUÉS N-1	ſ	z <u>u</u>	s	z				
PORTUGUÉS N-2	ſ	z <u>u</u>						
PORTUGUÉS C-S							ʃ	ʒ
PORT. PADRÓN				s	z			

O enxordecemento das sibilantes sonoras non é exclusivo do galego, pois ocorreu en todos os romances do norte, con exclusión do catalán (salvo na franxa limítrofe con Aragón). O Mapa nº 2 mostra a isoglosa da indistinción tardomedieval das sibilantes sonoras no norte da península ibérica, desde Fisterra ata o inicio do dominio catalán (liña descontinua), xunto coa presenza moderna de fonemas con este trazo nas dúas bandas periféricas (liña continua). A comprobación da grande antigüidade do fenómeno en textos galegos e a apreciación conxunta de todos os outros datos peninsulares, leva a Maia a revisar a explicación aceptada tradicionalmente e a concluír que non é posible “continuar a aceitar que o ensurdecimento teve o seu foco inicial en Castela-a-Velha, onde era un fenómeno bastante generalizado nos séculos XVI e XVII, e que, a partir daí, irradiou a outras zonas peninsulares” (Maia, 1986, p. 458). Estudos máis demorados quizais poidan chegar a establecer se dentro do grupo galego-portugués a isoglosa sempre coincidiu de maneira tan aproximada coa fronteira política.

<sup>4</sup>Distinguimos "Portugués N[orte]-1" e "Portugués N[orte]-2", cos diferentes sistemas descritos, de "Portugués C[entro]-S[ur]", este coincidente coa variedade padrón.





Mapa n° 2. As sibilantes sonoras: no tardomedievo e na actualidade.

Elaboración a partir de Monteagudo, 2017, p. 93 e De Andrés, 2013, p. 104

### 3.2. Sibilante apicoalveolar ou laminoalveolar



Como xa foi indicado en § 3.1, no SW da provincia de Ourense (nas terras galegas que confinan co Castro Laboreiro e o Gerês) e mais en Hermisende (SW de Zamora), mantense un sistema moi próximo do medieval tras a desafricación, con oposición de fonemas fricativos xordos e sonoros: apicoalveolares /s/ (*salgar; passo*) e /z/ (*casar; coser*); laminoalveolares ou laminodentais, /s/ (*empeçar; paço*) e /z/ (*cozer*); palatais, /ʃ/ (*baixo, xuntar*) e /ʒ/ (*igreja, fugar; ajudar*) (ALGA III, mapas [casa] 196, [veciño] 170, [hoxe] 381); algúns falantes, sobre todo novos, vacilan entre a realización predorsodenital (xorda [s] / sonora [z]) e a predorsointerdental (xorda [ʂ] / sonora [ʐ]) da parella de fricativas predorsoalveolares, e mesmo non é imposible a realización [θ]. Un sistema que continúa o rexistrado por Leite de Vasconcelos "sur les frontières d'Entre-Douro-e-Minho, de Trás-os-Montes et de la Beira" (1987, p. 97), e de forma máis fragmentaria noutros lugares do interior do país, con tendencia á redución das dúas parellas sibilantes a favor da apicoalveolar; Martins e Saramago (1993), que cartografan por primeira vez os datos de Leite de Vasconcelos e os comparan cos dos inquéritos de 1975 para o ALE, observan




unha notable redución da área, repregada en dirección NE, e constatan a inestabilidade deste sistema, con tendencia á simplificación, nesa altura a favor da laminodental (e por tanto cara ao portugués padrón).

Polo tanto, a isoglosa debuxada por Cintra (Mapa nº 3) hai que entendela neses termos: ao norte desa liña existen fonemas apicoalveolares, que poden coexistir ou non con outras unidades laminodentais (ou predorsoalveolares, laminoalveolares); ao sur, non existen fonemas nin realizacións apicais. É este un trazo que forma parte do saber lingüístico popular en Portugal, ben explotado no teatro cómico como risco definidor de falantes do norte e dos galegos, grafado como <x> nunha tentativa de representar a articulación apical de [s]: *ixo, ixto, coixixima, xeu, xenhor...*<sup>5</sup>



<sup>5</sup> Aos oídos dun falante das variedades centromeridionais, as sibilantes apicoalveolares soan coma se fosen postalveolares ou palatais: “Cette prononciation est désignée par l'épithète *xabancas*, chez les habitants de Lisbonne, pour lesquels le mot *santo*, par ex., prononcé par un habitant du nord, sonne comme *xāntu*” (Gonçalves Viana, 1941 [1883], p. 184).





Mapa nº 3. Sibilantes apicoalveolares e laminodentais.



Adaptado de Cintra, 1971, p. 117




Da descripción anterior para o portugués despréndese que ao norte a iso-glosa se dá tanto un sistema de dúas parellas, apicoalveolar /s̪:/z̪/ e lamino-dental /s̪:/z̪/ ("Portugués N-1") coma un sistema simplificado nunha soa parella apical ("Portugués N-2"), sen contar con que modernamente estean avanzando cara ao sistema do portugués patrón, coincidente coa variedade centromeridional.

En galego a situación é máis complexa. Na maior parte de Galicia a partir da redución /s̪:/z̪/ > /s/ (*ceo, caza, facer, cocer*), xerouse un fonema interdental que se opón ao apicoalveolar (*casa, coser*), área A do Mapa nº 4; a liña descontinua marca o límite do fenómeno coñecido como seseo implósivo, pois ao seu occidente o fonema interdental non existe nesa posición. Todos os outros sistemas son "seseantes", é dicir, non xeraron un fonema interdental: as áreas E, raianas, corresponden co xa citado sistema que conserva as sibilantes sonoras (§ 3.1); na área B existe o sistema intermedio, con tres membros xordos /s̪:/s:/ʃ/ ("Galego B-1": apicoalveolar, laminoalveolar e palatal), que camiña cara á neutralización dos dous primeiros, cun resultado /s̪:/ʃ/ ("Galego B-2": laminoalveolar e palatal); en D, o proceso de confluencia cara a /s̪:/ʃ/ está concluído, mais avanzan outros fenómenos conexos, a tendencia á interdentalización das realizacións de /s/ [s > s̪ > s̪θ, θ] e á despalatalización das de /ʃ/ [ʃ > s̪ > s̪]; finalmente, na área C o sistema de tres membros xordos /s̪:/s:/ʃ/ evolucionou cara a un sistema moi estable de dous membros, ao neutralizar os dous primeiros a favor do apical, /s̪:/ʃ/. Chamamos a atención sobre o feito de que, en contra do que podería supoñerse, o galego seseante é o da banda marítima occidental, non o máis próximo á fronteira portuguesa<sup>6</sup>; tanto no Miño coma, sobre todo, na raia seca, a maior parte dos falares galegos presentan o innovador /θ/.

<sup>6</sup>Lémbrese que en Galicia, como é xeral no *continuum* orixinado no territorio románico constitutivo no norte da península ibérica, as principais diferenzas diatópicas se orientan no sentido dos meridianos.





Mapa n° 4. Sistemas de sibilantes en galego moderno

Tab. 2. Correspondencia entre fonemas sibilantes. Galego e portugués

	FRICATIVAS						PALATAIS	
	APICOALVEOLARES		LAMINODENTAIS		INTERDENTAIS			
	X	S	X	S	X	S	X	S
GALEGO A	ſ				θ		ʃ	
GALEGO B-1	ſ		S				ʃ	
GALEGO B-2			S				ʃ	
GALEGO C	ſ						ʃ	
GALEGO D			S [ſ, ſ <sup>θ</sup> ]				ʃ [ʃ, ſ <sup>j</sup> , ſ]	
GALEGO E	ſ	Z <sub>u</sub>	S	Z			ʃ	ʒ
PORTUGUÉS N-1	ſ	Z <sub>u</sub>	S	Z			ʃ	ʒ
PORTUGUÉS N-2	ſ	Z <sub>u</sub>						
PORTUGUÉS C-S			S	Z				
PORT. PADRÓN			S	Z				


### 3.3. /tʃ/ e /ʃ/

O seguinte trazo considerado é a existencia dunha consoante africada palatal xorda /ʃ/ que no norte do territorio se opón á correspondente fricativa /ʃ/. As diversas graffas mantidas ánda no portugués padrón moderno son a evidencia desa distinción antiga (*chamar, acocho, caruncho...*, xunto a *caixa, peixe, xadrez, enxada*). A Tab. 2 mostra a diferenza entre os sistemas na serie palatal: galego opón /ʃ:/:/tʃ/, ambos fonemas xordos; tamén o portugués setentriional, que ademais presenta un fonema fricativo palatal sonoro /ʒ/; o portugués centro-meridional, e con el o padrón, neutralizou os primitivos /ʃ:/:/ʃ/ en /ʃ/.

Tab. 3. Fricativas e africadas palatais



	FRICATIVAS						AFRICADAS	
	LABIODENTAL		DENTAL		PALATAL		PALATAL	
	X	S	X	S	X	S	X	S
GALEGO	f	-	S	-	ʃ	-	ʃ	
PORTUGUÉS N					ʃ	ʒ		
PORTUGUÉS C-S	f	v	S	Z	ʃ	ʒ	-	
PORT. PADRÓN					ʃ	ʒ		

A desafricación debe contemplarse na mesma liña evolutiva que levou as africadas dentoalveolares a perderen o elemento oclusivo inicial (/ts/ > /s/, /dz/ > /z/) e á desaparición da africada sonora en beneficio da fricativa correspondente (/dʒ/ > /ʒ/), como ocorreu tamén noutras linguas peninsulares. Por tanto, dos catro fonemas africados sobre os que hai bastante acordo en que existiron nalgúns momentos do idioma –ben que nalgún caso seguramente con anterioridade á emerxencia na escrita romance–, só un chegou ao presente. Chamamos a atención sobre a constancia con que se mostran <ch> /tʃ/ e <x> /ʃ/ nos documentos analizados por Maia (1986, pp. 468-470), en todo o período considerado.



Mapa nº 5. Límite meridional da oposición /ʃ:/; /ʒ:/.

Adaptado de Cintra, 1971, p.117





O Mapa nº 5 mostra a isoglosa trazada por Cintra. A posición adoptada indica a regresión no territorio: a neutralización operada no sur, en beneficio de /ʃ/ difundiuse cara ao norte ocupando en primeiro lugar a franxa costeira, más poboada, más urbanizada e mellor comunicada. A difusión territorial da africada foi outrora moito maior; en palabras de Ivo Castro (2006, p. 144), "permaneceu na língua da capital até ao séc. XVIII e ainda hoje tem expressiva existéncia no Nordeste continental". A rápida retirada explícase por razóns sociolingüísticas, pois é un trazo dialectal carente de prestixio; así se expresa unha das voces máis autorizadas da dialectoloxía portuguesa actual (repárese: *vellos*, *aldea*, *ocultación*...):



Esta pronúncia, que é sentida como rústica, tem sido progressivamente eliminada. Conserva-se ainda, contudo, na pronúncia de pessoas idosas das aldeias a norte e leste de uma linha que liga a parte mais oriental do Tejo ao curso inferior do Douro e exclui a maior parte da costa minhota (...). A este respecto é interessante referir que os materiais recolhidos posteriormente para o ALEPG revelam que, apesar de geralmente erradicado da fala das camadas jovens e adultas, ainda na última década do séc. XX, na área tradicional deste traço, pessoas que normalmente o omiten, pelo menos perante estranhos, na realidade ainda o conservan, deixando-o "escapar" na fala espontânea (Segura, 2013, p. 92).

Unha vez máis, cómpre contemplar o fenómeno nunha perspectiva territorial máis ampla, pois a desafricación non é exclusiva do portugués meridional. Obsérvase tamén, de forma descontinua, nas variedades andaluzas (Lapesa, 1997, p. 511), que no sur da península continúan as portuguesas polo leste: con maior frecuencia nas más meridionais (Cádiz, Sevilla, Málaga e Granada) e de forma más localizada ou esporádica nas restantes (Huelva, Córdoba, Jaén e Almería). A diferenza de status nos dous territorios débese a que, a diferenza do que ocorreu en portugués, a desafricación andaluza carece de prestixio: a pesar da extensión que pode alcanzar en estilos coloquiais nalgúnhas áreas, non é aceptada nos estilos cultos e formais.

### 3.4. /b/ e /v/

A ollada do mapa xeoelectal portugués mostra como a oposición /b:/ /v/ é unha das isófonas que forman parte do feixe de trazos lingüísticos que separan as







modalidades desta lingua das súas inmediatas veciñas polo leste, desde as proximidades de Miranda do Douro á foz do Guadiana. Chama máis a atención, con todo, o amplio territorio setentrional, en continuidade con Galicia, onde esta oposición non existe; un territorio que no occidente ultrapasa cara ao sur o Mondego e chega ás inmediacións do Zêzere, cunha isoglosa que toma a forma tan característica en territorio portugués dos trazos lingüísticos más antigos, vindos no norte, inclinada do NE cara ao SW (Álvarez, 2015). Cómpre ter presente que a inexistencia de /v/ vai acompañada da constatación de dous alófonos do fonema oclusivo sonoro /b/, un oclusivo e outro continuo (aproximante ou fricativo) en distribución complementaria, coma os que presentan no mesmo territorio /d/ e /g/<sup>7</sup>. A Tab. 4 mostra as diferenzas entre os dous sistemas (galego e portugués setentrional, dialectal / portugués centromeridional, coincidente co padrón), así como as diferenzas na realización fonética.

Tab. 4. Oclusivas (labiais, dentais e velares) e fricativas labiodentais


	OCLUSIVAS						FRICATIVAS	
	LABIAL		DENTAL		VELAR		LABIODENTAL	
	X	S	X	S	X	S	X	S
GALEGO	p	<b>b</b> [b, β-]	t	<b>d</b> [d, ð]	k	<b>g</b> [g, γ-]	f	-
PORTRUGÉS N								
PORTRUGÉS C-S	p	<b>b</b>	t	<b>d</b>	k	<b>g</b>	f	v
PORTR. PADRÓN								

O trazo setentrional non é exclusivo do galego e das variedades portuguesas veciñas. En todo o norte da península ibérica, a primitiva oposición entre /b/ (occlusivo) e /β/ (aproximante ou fricativo) camiñou cara á confluencia, a favor dun fonema /b/ con dous alófonos condicionados polo contexto, en termos xerais [b] en posición inicial absoluta, tras pausa e tras nasal, [β-] nos restantes contextos, moito más numerosos e con maior incidencia. O Mapa nº 6 mostra non só a variación na área portuguesa actual (co seu correlato

<sup>7</sup>Os condicionantes poden non ser idénticos para os tres fonemas e ter variacións territoriais. En galego, por exemplo, tras /l/ non se comportan igual o labial e o velar ['alβa, 'alγo] có dental [al'dea]. De por parte, en gran parte do territorio galegófono non existe o fonema /g/, pois evolucionou a /h/ como consecuencia do fenómeno fonético coñecido como *gheada* ['hando, 'alho]; o novo fonema, sempre realizado como continuo, non mantén estas regras alofónicas.





no oriente da península, marcadas coa liña continua), senón tamén a isoglosa que a fins da Idade Media distribuía a existencia de dúas situacions diferentes, a do norte da península (compartida polo galego, variedades portuguesas, asturleonés, variedades castelás do norte, aragonés e catalán) e a que presumiblemente existía no sur, con maior diferenciación, entre /b/ e /v/. A diferenza do que ocorreu en portugués, onde se impuxo a pronuncia centro-meridional, en español acabou impoñéndose a pronuncia betacista das variedades castelás setentrionais, e finalmente alcanzou incluso os dialectos andaluces.



Mapa nº 6. Betacismo nos romances ibéricos (séc. XV) e mantemento /b:/: /v/.

Elaboración a partir de Monteagudo, 2017, p.93 e De Andrés, 2013, p. 148

Polo que toca ao territorio galegoportugués, Maia (1986, pp. 472-485) mostra a inconveniencia de explicar a inexistencia da oposición /b:/: /v/ nas variedades setentrionais como unha “neutralización” entre estes dous fonemas, por canto tal formulación supón, erroneamente, que esa era a situación de partida e que nesas variedades hoxe dialectais –sempre desde o punto de vista do portugués padrón, de base centromeridional– houbo unha evolución /v/ > /b/. Observa que, xunto coa representación habitual /b/ <b> e /β/ <u, v>, aparece o grafema <b> en palabras que deberían presentar o correspondente ao fonema continuo (*bender, bosa, byndimar...*); que isto ocorre desde o séc. XIV e sobre todo en documentos do séc. XV, ánda que en posición interior hai





xa mostras do séc. XIII; e que o fenómeno é moito máis frecuente en textos do norte do territorio estudo –isto é, da actual Galicia– ca nos textos meridionais –actualmente Entre Douro e Minho–. Observa tamén que desde principios do séc. XV, de novo con maior frecuencia en textos “galegos”, hai usos de <v> (en posición inicial ou interior: *voon* ‘bo’, *ovidientes*) e de <u> (intervocálico: *sauer*) no canto de <b>. Os testemuños observados e as notícias comentadas doutros autores, lévana a concluír que no norte “se cumpriu, desde época muito antiga, a igualación dos fonemas /b/ e /β/ e que, com a Reconquista e os movimentos demográficos de repovoamento, se propagou para sul com diferente ritmo e intensidade conforme as regiões” (Maia, 1986, p. 480).


### 3.5. Ditongos <ou> e <ei>

Outro dos trazos considerados por Cintra foi “a conservación do ditongo /ou/, nas suas diversas realizações posíbeis” (1983, p. 143), atendendo expresamente ás opcións [ow] e [ew] mais sen pechar a porta a outras posibles realizacións de /ou/. En galego, a pronuncia é sempre [ow], sen entrar en procesos de monotongación (*touro*, *cousa*, *cantou*, *ouro*, *dous*, *outro...*); este é un trazo que o galego e portugués setentrional comparten co asturiano occidental e co mirandés.

Canto a <ei>, o galego mantén inalterada a pronuncia [ej]<sup>8</sup>, sen que a vogal nuclear se centralice e sen ningunha opción de monotongación (*leite*, *primeiro*, *maceira*, *andarei*, *seis...*). Coma no caso, anterior, este é un trazo compartido co mirandés e co asturiano occidental.

<sup>8</sup>En galego, as vogais medias dos ditongos decrecentes adoitan presentar unha realización algo máis aberta ca [e] e más pechada ca [ɛ], que podemos resumir en [e<sub>+</sub>]; pode haber falantes ou comunidades de falantes que tendan máis á pronuncia pechada ou á pronuncia aberta, con independencia da etimoloxía (v. gr., en *maceira* cabería agardar [ɛj] <-a(n)eira, mais fóra da área –ANARIA > –aira, a pronuncia xeral é [ej], ALGa IV: mapa 238).







Mapa nº 7. Límite meridional dos ditongos &lt;ou&gt; e &lt;ei&gt;.

Adaptado de Cintra, 1971, p. 117

En suma, o galego mantén en ambos os casos a pronuncia tradicional que responde á grafía padrón portuguesa<sup>9</sup>; o portugués setentrional mantén o di-

<sup>9</sup>Non é o noso obxecto presente a oscilación entre /ou/ e /oi/, pois o trazo considerado por Cintra na caracterización dialectal foi a posibilidade de monotongación. Con todo, cómpre in-



tongo, aínda que con posibilidades de variación na primeira vogal; na área central, dáse a solución que se corresponde co padrón portugués, /ou/ </o/ e mantenimento do ditongo en <ei>, con mudanza no núcleo silábico; finalmente, no portugués meridional, a monotongación en ambos.

Tab. 5. Conservación e redución dos ditongos decrecientes <ou> e <ei>



	[ow]	[ew]	[o]	[ej]	[ej]	[e]
GALEGO	+			+		
PORTRUGUÉS N	+	+		+	+	
PORTRUGUÉS C			+		+	
PORTRUGUÉS S						+
PORTR. PADRÓN			+		+	



#### 4. Tamén no léxico

O mesmo gradiente entre as variedades setentrionais e as meridionais, situado sobre o mesmo espazo, se mostra ao estudar o distribución areal do léxico. Dubert e Sousa (2002), partindo da contribución de Cintra ao coñecemento da estrutura lexical do territorio portugués (1962, recollida en Cintra, 1983, pp. 57-94), completaron a información para toda a fachada atlántica con datos galegos do ALGa. O resultado, que valida todas as conclusións anteriores baseadas en datos fonéticos, pódese resumir do xeito seguinte:

- a) De novo, o territorio galegoportugués configúrase en tres bandas: a do norte, relativamente homoxénea, comprende Galicia e o norte de Portugal; na central entrecruzánse todas as isoglosas, orientadas desde o NE ao SW; a do sur é moi homoxénea.
- b) Ao norte sitúase a forma léxica amplamente coincidente co galego: *ubre, soro, año, cabrito, espiga, {mu(n)xir, munguir, moncer...}*.

dicar que raramente se dan en galego casos desa nivelación, salvo con carácter moi minoritario e moi local: son constantes *ouro, cousa, fouce, dous... / coiro, vasoira...* Só dialectalmente, e con gran regularidade etimolóxica, atopamos outras opcións; v. gr., os procedentes *-ORIU* fan *-oi-* (*coiro, vasoira*), pero en senllas áreas dialectais dan *-ui-* (*cuiro*, mais tamén *muite, muito, luita...*) e *-ou-* (*couro, vasoura...*, fronte a *noite* e a *muito, luita*).







- c) Nalgún caso, a forma centromeridional arrinca xa da estrema galega oriental, desde o Cantábrico (*cordeiro*) ou desde o recanto SW (*mazaroca*, *amoxo*). Noutros arrinca desde o territorio portugués, con formas que o galego non recoñece como propias (*ordeñar*; *almece*); cando se dispón en máis de dúas bandas, hai máis probabilidade de que a meridional se afaste por completo do galego (*borrego*).
- d) Na área centromeridional danse con maior frecuencia formas cognadas das rexistradas nos romances hispánicos centrais: *cordero*, *mazorca*, *borrego*, *chivo*, *ordeñar*...

## 5. A base da diverxencia. A constitución dunha fronteira

Naturalmente, tamén hai unha base histórica para a diverxencia, a comezar pola deriva independente de ambos os conxuntos de variedades, en distintas condicións sociolingüísticas e xirando arredor de diferentes centros de prestixio, durante case nove séculos. Comprobamos con anterioridade como no norte se conservaron trazos antigos, previos á separación, convertidos agora en dialectais desde a óptica da norma portuguesa baseada nas variedades centromeridionais; poderíamos aducir outros trazos tipicamente galegos desde tempos remotos, coma os dous procesos que acabaron co sincretismo entre 1Sg e 3Sg do tipo *soube* –un innovador MPN P3sg /o/ (*soubo*) e a marca *-n* da 1Sg (*souben*)–, que se acabarían imponendo por completo ata o novo límite meridional, situado no Miño.

Noutros casos obsérvanse evolucións diverxentes de formas inicialmente comúns, coma a producida en *corazón/coração*, *mazá(n)/maçã*, *pan/pão*. En galego non hai vogais nin ditongos nasais, de modo que non comparte un dos trazos fonéticos más característicos do portugués; a cadea fónica correspondente pode ter dúas formas diferentes: (a) estar formada por vogal (oral, aínda que nalgúns contextos e/ou falantes sufra diversos graos de nasalización contextual) e consoante nasal implosiva (velar /tʃ/, con varias realizacións condicionadas polo contexto consonántico a seguir), coma en *a man*, *meu irmán*, *pan*, *quen*, *ben*, *ladrón*, *eu son...*); (b) vogal oral, con perda absoluta do segmento nasal primitivo, coma en *miña irmá*, *miña nai*, *home*, *homes*, *orfo*,



*multitude...* As cadeas medievais evolucionaron de distinta maneira: se por parte do galego houbo que resolver a perda do trazo nasal asociado ás vogais, por parte portuguesa camiñouse cara á igualación en *-ão* de solucións primitivas diferentes: fronte a gal. *-án (-ao)* /*-á (-án)* < -ÁNU, -ÁNA (*meu irmán, chan / miña irmá, campá, mazá...*; dial., masc. *chao* ou fem. *mazán*), gal. *-an* < -ANE (*pan, can, capelán*), gal. *-ón* < -ONE (*corazón, ladrón*), gal. *-an* < -ANT (APto. *foran*), gal. *-on* < -UNT (*son, Pto. foron*) e gal. *-o* < -ANU (*orfo, Cristobo*), o portugués presenta *-ão ~-am [~eñ]* no masculino e nas formas verbais (*irmão, pão, coração, são, foram* Pto. e Apt., *orfão*) e *-ã* no feminino<sup>10</sup>.

Hai trazos particulares creados con posterioridade por unha ou outra lingua. Entre os singulares do galego pódense citar a neutralización das parellas de sibilantes, con perda dos membros sonoros, e a creación dun fonema interdental /θ/; por parte do portugués a distinción entre *falamos* Pte. e *falámos* Pto., coa conseguinte oposición entre /e/ e /a/ do PE.



Finalmente, unha e outra lingua reciben préstamos e influencias debidas a diferentes contactos culturais. O galego ten forte contacto co castelán e, en menor medida, con outras linguas peninsulares distintas do portugués; non ten contacto directo coa cultura árabe e mediterránea, pero si de maneira permanente coa europea, a través dos camiños de Santiago; sofre un proceso de minorización ao longo da Idade Moderna e acompaña a difusión do imperio español no mundo. O portugués establece os seus propios contactos coa cultura central e meridional da península ibérica, cunha forte influencia directa da cultura árabe; a lingua portuguesa prospera nunha corte propia, formando parte dun proxecto político autónomo e protagoniza a expansión ultramariña de Portugal; en Brasil, en África e en Asia, experimenta evolucións propias, debido sobre todo ao contacto con grupos de linguas diferentes das que influenciaron español e galego; finalmente, o portugués como lingua dun estado moderno, estandarizouse dando as costas ás variantes do norte, consideradas más arcaicas (e más parecidas ao galego), e fixoo nun período de estreito contacto co castelán.

No entanto, a fronteira política Galicia / Portugal foise conformando e consolidando como fronteira lingüística: as innovacións galegas só prosperan

<sup>10</sup>É diferente a solución dialectal do norte de Portugal, tantas veces usada como característica paródica por igual dos seus falantes e dos galegos por portugueses doutras latitudes: port. dialectal *-om, -õ, -õu* / gal. *-ón ≠ -án*).

ata o límite sur do territorio, sen volver ultrapasar a raia do Miño; as innovacións portuguesas, difundidas cara ao norte, atopan o seu límite máximo no mesmo lugar. A primitiva fronteira xurisdiccional vaise reformulando e reforzando como un feixe de isoglosas que rompe a continuidade N-S do territorio constitutivo. Sen ánimo de exhaustividade, estes son algúns fenómenos fonéticos ou morfolóxicos relevantes cuxas isoglosas coinciden, grosso modo, co límite xurisdiccional galego-portugués:

- Ausencia de sibilantes sonoras en galego (§ 3.1).
- Xeración dun fonema interdental /θ/ (§ 3.2).
- Límite da nasal velar /ŋ/, un dos catro fonemas nasais do galego: *cama* /m/, *una* /n/, *uña* /ɲ/ e *unha* /ŋ/.
- Evolución de /g/ a /h/, en correspondencia con port. /g/. Fenómeno coñecido como gheada.
- A ausencia en galego de vogais e ditongos nasais, tan característicos do portugués (gal. *nai* ~ mai / port. *mãe*, gal. *irmán* ~ *irmao* / port. *irmão*, coas diversas pronuncias dialectais).
- Distinción gal. *canción* (<-ONE) / *pan* (<-ANE), en correspondencia con port. *canção*, *pão*.
- Formación do plural dos nomes rematados en -n /ŋ/: gal. occidental *cancións*, galego central *canciós*, galego oriental *canciois*, en correspondencia con port. *canções*.
- Distinción nos clíticos de P2 sg.: en galego, *te* : *che* (*non te vira, lávate, non che dou nada*), fronte a port. *te*.
- A morfoloxía do diminutivo, sobre todo no plural: en galego, sg. *animaliño* (dial. *animalciño*, minoritario) / pl. *animaliños* (dial. *animalciños*), sen opción de dobre flexión, fronte a port. *animalzinho* / *ani-maizinhos*.
- Abundantes trazos da morfoloxía verbal regular. Exs.: gal. *colliche(s)* ↔ port. *colheste*, gal. *comín* ↔ port. *comí*, gal. *colleron* ↔ port. *colheram*, etc.





- Diferenzas nas vogais tónicas que nunha e outra lingua adquiriron valor morfolóxico: *il, iste, aquil* (dial., galego lucuauriense); *ela e aquela* (con /e/ etimóxico, metade oriental de Galicia); *esta e esa* (con /e/ en toda Galicia); *todo* (equivalente a port. *todo e tudo*)...



## Conclusión

A análise da afinidade e diverxencia xeoelectal da fachada atlántica da península ibérica, considerando convxuntamente as variantes galegas e portuguesas para os mesmos trazos, veu reforzar e completar con máis datos e argumentos a validez de conclusións previas.

No norte da península ibérica existe un gradiente lingüístico W-E que se estende polo territorio constitutivo dos romances hispánicos. Así ocorre tamén na súa estrema occidental, no espazo onde se orixinaron galego e portugués, que podemos situar convencionalmente, en ambos os casos e co mesmo grao de aproximación, en coincidencia coa antiga Gallaecia. Ese territorio ibérico noroccidental nuclear está hoxe repartido entre o galego, coas súas variedades, ao norte, e o portugués, coas súas variedades, ao sur, estendido a partir de aí por todo o resto da fachada atlántica e máis lonxe.

Dentro do espazo galego-portugués existe ademais un *continuum* xeoelectal en dirección N-S orixinado a partir do territorio constitutivo, coa difusión cara ao sur, gradual, dos moradores e lingua do norte. Non é perceptible no territorio galegófono. No territorio portugués cabe sinalar, como xa fixera Cintra (1971), tres áreas: a setentrional, que é territorio constitutivo; a central, que ocupa desde esta ao límite sur do reino de Galicia cando se produciu independencia e Portugal; a meridional, que comprende o territorio anexionado polo novo reino de Portugal. Ese gradiente NS está sucado, no centro do actual territorio portugués, entre o Douro e o Texo, por feixes de isoglosas dispostas en dirección NE-SW, que marcan a progresión histórica dos “galacos” do N (devanceiros dos actuais galegos e portugueses) cara ao sur. Algunhas isoglosas mostran hoxe unha posición invertida, orientándose desde a parte máis occidental en dirección NW-SE, como consecuencia da perda de prestixio das variedades portuguesas do norte –e con elas a maior similitude do galego– e do avance das solucións coincidentes coa lingua padrón, de corte centromeridional. Porque, cómpre dicilo, ao contemplar o *continuum* galego-portugués





en toda a fachada atlántica ponse en evidencia que o gradiente marca tamén o grado de afastamento das variedades xeolectais respecto da lingua padrón: canto máis ao norte, máis lonxe da norma portuguesa actual; dito doutro xeito, canto máis “galegas” menos “portuguesas”.

Da anterior afirmación non debe inferirse que todo o que caracteriza as variedades do N é “arcaico”. A coincidencia xeolectal entre Galicia e o N de Portugal testemuña sen dúbida a unidade inicial –e por iso é máis antiga–, mais esta foi rota tanto polas innovacións producidas nas variedades meridionais coma pola evolución producida nos territorios orixinarios, nos que a lingua autóctona seguiu viva e en constante mudanza. As innovacións producidas no N xa non foron trasladadas cara ao S.



O límite actual entre galego e portugués rompe ese gradiente N-S. Está marcado por un grosso feixe de isoglosas de trazado coincidente entre si e coa fronteira política, forxado ao longo de case nove séculos. É unha fronteira consecutiva no seo do primitivo territorio constitutivo: o galego evoluciona e estende as súas innovacións dentro do seu espazo, sen ultrapasar xa nunca máis o seu límite cara ao sur; o mesmo fan as variedades portuguesas, pois as innovacións meridionais nunca chegan a cruzar o Miño cara ao norte. Nestas dúas forzas difusoras non só chegaron novos trazos ata o mesmo límite, reforzándoo doblemente; tamén desapareceron as formas substituídas, que probablemente outrora debuxaban áreas transfronteirizas que hoxe xa non podemos entrever.

## Bibliografía

ALGa III = García, C. & Santamarina, A. (dirs.) (1999). *Atlas Lingüístico Galego. vol. III: Fonética*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega & Fundación Pedro Barrié de la Maza.

ALGa VI = García, C. & Santamarina, A. (dirs.) (2015). *Atlas Lingüístico Galego. Vol. VI: Léxico*. Terra, plantas e árbores. Santiago de Compostela: Fundación Barrié & USC.

Álvarez, R. (2009). A lingua dos galegos en textos portugueses dos séculos XVI-XIX. In G. Rei-Doval (ed.), *A lingüística galega desde alén mar* (pp. 295-317). Santiago de Compostela: USC.



Álvarez, R. (2015). Constitución e consolidação da fronteira galego-portuguesa. A difusão do léxico. In M. Ferreira (org.), *Descripción e ensino de lenguas* (pp. 85-110). Campinas, SP: Pontes editores. <http://ilg.usc.gal/gl/publicaciones/contribuciones/constitucion-consolidacion-fronteira>.

Andrés Díaz, R. de (2013). *Gramática comparada de las lenguas ibéricas*. Gijón: Trea.

Baliñas Pérez, C. (1992). *Do mito á realidade: a definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media (séculos VIII e IX)*. Santiago de Compostela: Coordenadas.

Baliñas Pérez, C. (2014). A Flumine Mineo usque in Tagum: os camiños diverxentes de Galicia e Portugal na Alta Idade Media (700-1100). In X. Sousa, M. Negro Romero & R. Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa* (pp. 27-54). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. <http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=2642>

Castro, I. (2006). *Introdução à História do Português*. Segunda edição revista e muito ampliada. Lisboa: Colibri.

Catalán, D. (1958). Hacia un atlas toponímico del diminutivo (-ínu en la toponomía hispano-románica). *Boletim de Filologia*, XVII, 257-292. <http://cv.c.instituto-camoes.pt/conhecer/biblioteca-digital-camoes/lingua-1.html>



Cintra, L. F. L. (1971). Nova proposta de classificação dos dielactos galego-potugueses. *Boletim de Filologia*, XXII, 81-116.

Cintra, L. F. L. (1983). *Estudos de Dialectologia Portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa.

Cunha, C. & Cintra, L. F. L. (1985). *Breve Gramática do Português Contemporâneo*. Lisboa: Sá da Costa.

Dubert García, F. & Sousa Fernández, X. (2002). Áreas lexicais galegas e portuguesas, A proposta de Cintra aplicada ao galego. In R. Álvarez, F. Dubert García & X. Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico* (pp. 193-222). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega & Consello da

- Cultura Galega. [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_200\\_2\\_Dialectoloxia-e-lexico.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_200_2_Dialectoloxia-e-lexico.pdf)
- Gonçalves Viana, A. dos R. (1941<sup>2</sup>). Essai de phonétique et de phonologie de la langue portugaise d'après le dialecte actuel de Lisbonne. *Boletim de Filologia*, 7(2), 161-243 (1<sup>a</sup> ed.: Romania 12, 1883, 29-98).
- Houaiss, A.; Salles Villar, M. de *et al* (2001). *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva [versión electrónica].
- Lapesa, R. (1997<sup>9</sup>). *Historia de la lengua española*. Madrid: Gredos.
- Leite de Vasconcelos, J. (1987<sup>3</sup> [1901]). *Esquisse d'une dialectologie portugaise*. Lisboa: INIC & CLUL.
- Maia, C. A. (1986). *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*. Coimbra: INIC.
- Martins, A. M. & Saramago, J. (1993). As sibilantes em português: um estudo de geografia linguística e de fonética experimental. In R. Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filología Románicas, Santiago de Compostela, 1989* (pp. 121-142). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, IV.
- Monteagudo, H. (2017). A lingua no tempo, os tempos da lingua. O galego, entre o portugués e o castelán. In M. Negro Romero, R. Álvarez & E. M. Moscoso Mato (ed.), *Gallæcia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*. (pp. 17-60). Santiago de Compostela: USC. <http://dx.doi.org/10.15304/cc.2017.1080.33>.
- Nunes de Leão, D. (1606). *Origem da Lingoa Portuguesa*. Lisboa: Pedro Crasbeeck.
- Raposo, E. B. P. *et al* (dir.) (2013). *Gramática do português*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Segura, L. (2013). Variedades dialetais do português europeu. In E. B. P. Raposo *et al* (dir.), *Gramática do português* (pp. 83-142). Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.



Zamora Vicente, A. (1974<sup>2</sup>). *Dialectología española*. Madrid: Gredos.

